

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A ASOCIACIÓN ESPAÑOLA CONTRA O CANCRO (XUNTA PROVINCIAL DE A CORUÑA), PARA O DESENVOLVEMENTO DE PROGRAMAS DE VOLUNTARIADO NA ÁREA SANITARIA DE FERROL

Ferrol, a 30 de abril de 2025

REUNIDOS

Dunha parte, don Antonio Gómez Caamaño, Conselleiro de Sanidade e Presidente do Servizo Galego de Saúde, de acordo co establecido no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, de conformidade co Decreto 144/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Sanidade, e do Decreto 145/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde, así como co establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Doutra parte, don Manuel Aguilar López, actuando en nome e representación da Xunta Provincial de A Coruña da Asociación Española contra o cancro (en adiante AECC), asociación privada, non gubernamental, sen fins lucrativos, inscrita no Rexistro de Fundacións e Asociacións co número 3827 en virtude das facultades que lle son conferidas como Presidente nos Estatutos que regulan a organización e funcionamento da AECC, provista de NIF G28197564, e con enderezo a efecto deste convenio na rúa Real 1, 1º, 15003, A Coruña.

As partes que interveñen recoñécense reciprocamente capacidade para outorgar o presente convenio, e para estes efectos

EXPOÑEN

1. Que a AECC é unha institución con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins, de carácter benéfico asistencial e sen fin de lucro. Fundada en 1953 e declarada de "utilidade pública" en 1970, ten como aliviar e evitar, na medida que sexa posible, o sufrimento nas persoas producido polo cancro, calquera que sexa o seu lugar de residencia e as súas circunstancias persoais, mediante o desenvolvemento de funcións e actividades de divulgación, de prevención, de investigación e de información de carácter sanitario ou asistencial.
2. Que a Área Sanitaria de Ferrol, sensible aos fenómenos que poidan redundar nunha maior cohesión social, recoñece o importante papel da AECC no alivio do sufrimento nas persoas producido polo cancro, calquera que sexan as circunstancias persoais, e tamén a súa

capacidade de coordinación cos servizos asistenciais, dende postulados flexibles que permitan o desenvolvemento de intervencións holísticas centradas nas necesidades emocionais das persoas.

3. Que a Área Sanitaria de Ferrol, incorpora entre os seus obxectivos de humanización o fomento do voluntariado, a través de programas de colaboración con entidades e asociacións de ámbito sanitario.

4. Que ámbalas partes, de mutuo acordo, deciden subscribir o presente convenio de colaboración co propósito de instrumentar unha acción coordinada en todos os campos de actuación en materia oncolóxica.

5. De conformidade co anteriormente exposto, e seguindo este amplo senso de colaboración, as entidades comparecentes deciden seguir cooperando, recoñecéndose a representación que ostentan e acordando formalizar o presente convenio de colaboración, con arranxo ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. Obxecto do convenio.

O presente convenio regula a colaboración das partes no ámbito dos centros sanitarios pertencentes a Área Sanitaria de Ferrol (en adiante ASF), co fin de promover un maior benestar e unha maior calidade de vida para os enfermos de cancro e as súas familias que de xeito libre e voluntario queiran ser beneficiarios das intervencións planificadas.

SEGUNDA. Actividades.

1. As principais actividades a desenvolver son:

- Creación dunha rede de apoio estable, duradeira e de confianza de acompañamento ao paciente oncolóxico, necesario en momentos de incerteza e con énfase no paciente en coidados paliativos.
- Apoiar no intercambio e asimilación da información que reciben os pacientes e familiares que son diagnosticados por primeira vez de cancro.
- Prestación de apoio na realización de xestións administrativas e alivio dos coidadores, para facilitarlles o seu descanso físico e emocional.
- Axuda a transmisión de información útil e necesaria para concienciar sobre o impacto que xera a enfermidade e tamén, sobre os servizos gratuítos que ofrece a Asociación.



- Actividades de animación e entretemento para facilitar a estancia da persoa enferma no hospital e a distracción con actividade de lecer.
- Dinamización da comunicación cos pacientes e a participación da sociedade a través de espazos nos que se transmite e comparte información.
- Fomentar a recuperación dos pacientes oncolóxicos afectados por problemas de saúde que interfiren a nivel persoal, familiar ou social.
- Apoio e colaboración en actividades dirixidas a promover hábitos de vida saudables, particularmente do nivel de actividade física na poboación xeral e deshabitación tabáquica.

2. En calquera caso, as actividades desenvolvidas polo persoal da AECC non poderán ser constitutivas de prestacións sanitarias propias da carteira de servizos do Servizo Galego de Saúde.

TERCEIRA. Obrigas das partes.

A AECC comprométese a:

- Designar a un profesional da AECC para servir de enlace e interlocución no deseño e realización das actividades, que será responsable da actuación dos seus membros e o interlocutor válido ante o representante nomeado pola ASF.
- Facilitar os recursos propios precisos para o desenvolvemento da actividade, así como a provisión dos seguros de accidentes e responsabilidade civil legalmente establecidos para o persoal propio participante nas actividades.
- Facilitar a necesaria identificación ao persoal propio participante.
- Formar e fomentar a participación da AECC en todos aqueles foros onde se traten temas relacionados co obxecto deste convenio e o cancro adulto e infantil en xeral, e nas xornadas de convivencia social que organice a AECC.
- Prover, manter, custodiar e preservar os medios materiais aportados pola AECC para levar a cabo as accións conveniadas.
- Manter o contacto e apoio permanentes cos pacientes que o soliciten e cos seus familiares, seguindo os criterios establecidos pola unidade de cuidados paliativos da ASF.
- Ofrecer e realizar o acompañamento do doente que o solicite, no centro sanitario ou domicilio.
- Respetar en todo momento a confidencialidade respecto de calquera información que poida recibir, ou á que poida acceder, directa ou indirectamente, por calquera medio e circunstancia, como resultado da execución das iniciativas amparadas polo presente convenio.

O Servizo Galego de Saúde, a través da Xerencia da ASF, comprométese a:

- Facilitar o acceso e permanencia no centro sanitario dos membros da AECC participantes nas actividades, para que poidan desenvolver adecuadamente as mesmas.
- Organizar os espazos e actividades de xeito que non interfiran na actividade habitual del centro.
- Habilitar un espazo para a realización de actividades de animación e de lecer dirixidas aos pacientes oncolóxicos e os seus familiares, así como para a almacenaxe dos recursos materiais destinados a levalas a cabo.
- Colaborar na difusión dos programas dentro da ASF a través dos seus folletos e cartalaría (preferiblemente en formato electrónico) que se situarán nos lugares máis visibles.
- Facilitar aos pacientes e profesionais que o soliciten información sobre os servizos que ofrece a AECC.
- Propiciar unha coordinación efectiva coa asociación mediante o nomeamento de profesionais de referencia nos distintos centros ou servizos asistenciais e a colaboración do Servizo de Traballo Social que procederá á valoración social individualizada dos casos, cando se estime oportuno.
- Colaborar nos programas de formación para a prevención da transmisión de infeccións e control de procesos transmisibles, así como as ferramentas para a minimización dos riscos, de acordo co disposto pola Normativa Sanitaria en vigor e segundo as directrices do Servizo de Medicina Preventiva.

CUARTA. Relacións con terceiros.

A subscrición do presente convenio non supón relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo de AECC, nin de terceiros con quen esta contrate, cos profesionais do Servizo Galego de Saúde, con carácter xeral, nin concretamente cos do Hospital, de tal xeito que AECC non poderá esixir responsabilidade algunha, nin directa, nin indirecta, por actos ou feitos acontecidos no desenvolvemento do convenio.

A subscrición do presente convenio non da dereito á AECC ao emprego, uso ou acceso, de xeito directo ou indirecto, de calquera dos sistemas de información sanitaria do Servizo Galego de Saúde, con especial referencia á historia clínica dos pacientes.

O persoal que participe no desenvolvemento do presente convenio seguirá baixo a dirección e dependencia de AECC, sen que en modo algún tal relación se modifique en virtude do presente convenio.

É responsabilidade da AECC:

- i) cumprir e facer cumprir as disposicións legais vixentes sobre prevención de riscos laborais así como a normativa interna do Hospital acerca das condicións de seguridade.
- ii) cumprir e facer cumprir as disposicións legais e regulamentarias en materia de autorización de centros, servizos e establecementos sanitarios na contratación ou prestación directa de servizos de natureza sanitaria que estean sometidos ao réxime autorizadorio de funcionamento.
- iii) cumprir e facer cumprir o segredo profesional e garantir a confidencialidade en relación aos datos persoais do paciente, con especial referencia á categoría especial de datos de saúde, co gallo de dar cumprimento ao establecido na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

QUINTA. Comisión mixta de seguimento.

Ao obxecto de velar polo cumprimento xeral das cláusulas do presente convenio e coordinar as accións previstas, créase unha comisión mixta entre a AECC e a ASF, integrada:

- por parte da AECC, pola persoa que ostente a Presidencia da mesma, ou persoa en quen esta delegue, e un técnico nomeado por aquela.
- por parte da ASF, a persoa titular da Xerencia da ASF, ou persoa en quen esta delegue, e un técnico nomeado pola Xerencia que actuará como Secretario con voz e voto.

Serán funcións xerais desta comisión:

- A avaliación do desenvolvemento do presente convenio.
- A preparación das sucesivos programas ou actividades.
- A proposta de prórroga do convenio, así como da súa modificación ou rescisión
- A resolución das dúbidas que poidan xurdir na súa interpretación ou cumprimento.

Esta comisión reunirse unha vez ao semestre e nas circunstancias excepcionais que así o aconsellen.

SEXTA. Financiamento.

O presente convenio non leva compromiso de gasto para o Servizo Galego de Saúde / Área Sanitaria de Ferrol, e por este motivo non precisa consignación orzamentaria.

SÉTIMA. Causas de resolución.

Este convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Serán causas de resolución, nos termos previstos no artigo 51 da Lei 40/2015, do 1 de outubro:

- a) O transcurso do prazo de vixencia sen que se acordase a prórroga do convenio.
- b) O mutuo acordo das partes.
- c) O incumprimento, total ou parcial, das obrigas e compromisos asumidos polos asinantes.

Neste caso, a outra parte poderá notificar á parte incumpridora un requirimento para que cumpra nun determinado prazo coas obrigas ou compromisos que se considerasen incumpridos. Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistise o incumprimento, a parte que o efectuase notificará a concorrencia de causa de resolución e entenderase resolto o convenio.

- d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- e) Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou nas leis.

Os efectos da resolución serán os previstos no artigo 52 da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

OITAVA. Modificación do Convenio.

As modificacións a este convenio articularanse de mutuo acordo, mediante a sinatura da correspondente addenda. A modificación requirirá, en todo caso, os informes e autorizacións previstos no artigo 50.2. a), b) e c) da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Ningunha das partes poderá ceder a un terceiro os dereitos e obrigas adquiridas en virtude do presente convenio, salvo expresa autorización por escrito da outra parte do convenio.

NOVENA. Confidencialidade e protección de datos.

As informacións que as partes poidan terse revelado para a consecución ou realización das actividades e iniciativas previstas no presente convenio e referidas ás súas actividades, así como as que se revelen como consecuencia da súa execución, terán a consideración de confidenciais debendo as partes gardar segredo sobre toda a información á que poidan ter acceso, todo isto coa salvedade de que a información sexa de dominio público ou se coñecera legal ou lexitimamente pola outra.

O deber de confidencialidade permanecerá durante o prazo de vixencia do convenio e subsistirá tras a súa extinción.

De conformidade co establecido na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais, ademais do resto de lexislación vixente nesta materia, ambas partes se comprometen a gardar a máis estrita confidencialidade respecto de calquera das informacións, datos e documentación de carácter persoal á que teñan acceso en virtude do presente convenio e ao deber de gardalos, sen que poidan utilizarse para usos diferentes aos previstos no mesmo.

As partes fan constar, de maneira expresa, que velarán polo cumprimento da normativa de protección de datos persoais de aplicación en cada caso. Estas obrigas subsistirán mesmo despois de finalizar as relacións entre as partes.

DÉCIMA. Natureza e xurisdición.

Este convenio ten natureza administrativa quedando sometido ao réxime xurídico dos convenios previsto no Capítulo VI do Título Preliminar da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

As discrepancias xurdidas sobre a interpretación, desenvolvemento, modificación, resolución e efectos que puidesen derivarse da aplicación do presente convenio, resolveranse pola Comisión Mixta de Seguimento regulada no mesmo. Se non se chegara a un acordo, as cuestións litixiosas serán de coñecemento e competencia da orde xurisdiccional Contencioso-Administrativa.

UNDÉCIMA. Rexistro de convenios, transparencia e bo goberno.

A sinatura deste convenio de colaboración leva implícito o consentimento expreso das persoas intervincentes para que a Administración pública autonómica galega poida facer públicos os datos de carácter persoal que figuren recollidos nel, de acordo co disposto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e á Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

O presente convenio será obxecto de inscrición no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, nos termos previstos no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

DUODÉCIMA. Vixencia.

En conformidade co disposto polo artigo 49.h.1º da Lei 40/2015, do 1 de outubro, a duración do convenio será de catro anos dende a data de formalización do mesmo.

En proba de conformidade con canto antecede, asinan o presente convenio, por triplicado exemplar, no lugar e data suliñados no encabezamento.

O presidente do Servizo Galego de Saúde

**O presidente da Xunta provincial A
Coruña AECC**

Antonio Gómez Caamaño

Manuel Aguilar López